



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle

Antecedentes

1. O 07.05.2025 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a última actualización da lista elaborada do procedemento de incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle (en adiante plan de xestión).

2. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2024/33-1), estableceuse un número máximo de 36 embarcacións con 75 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2025-2027.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2024 desta modalidade na entidade para o trienio 2025-2027, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 30 embarcacións e 63 habilitacións.

3. O 12.02.2025 a Confraría de pescadores da Camelle (entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia núm. 2025/392030) solicitou adaptar o plan de xestión no apartado de participantes pasando o número máximo de 36 embarcacións con 75 tripulantes habilitados a 34 embarcacións con 75 habilitacións, co obxecto de cubrir 4 embarcacións con 8 habilitacións e as outras 4 habilitacións ata acadar o número máximo repartilas entre as embarcacións integrantes do plan de xestión.

4. O 20.05.2025 a embarcación AMABLE (CFPO 53240), logo de tramitar un expediente de transmisión do permiso e explotación, solicitou a inscrición na lista para a actualización de méritos para a nova persoa armadora.

5. O 09.10.2025 esta dirección territorial ditou resolución sobre a solicitude de adaptación do plan de xestión e aprobou a modificación do apartado de participantes solicitada pola confraría indicada no punto 3.

6. O 10.10.2025 a Confraría de Camelle solicitou *o inicio da convocatoria de atribución dos permex/habilitacións a flote que quedan pendentes por cubrir no plan de explotación de percebe (PE410A 2024/33 -1) .*





7. O 14.10.2025 este departamento territorial comunicou a proposta á Confraría de pescadores de Camelle para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a catro (4) embarcacións con dúas (2) cotas de captura para tripulantes habilitados para cada unha de elas e, logo da actualización da lista de incremento de cotas das embarcacións integrantes do plan, ofertar as cotas vacantes ás embarcacións integrantes da dita lista, ata acadar o número máximo de participantes.

8. O 23.10.2025 esta dirección territorial ditou resolución convocando o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe para catro (4) embarcacións con dúas (2) cotas de captura por embarcación ao abeiro do plan de xestión.

9. O 28.10.2025 esta dirección territorial ditou resolución de actualización da lista de incremento de cotas incluíndo a nova baremación da embarcación AMABLE (CFPO 53240) e outorgando un prazo de 15 días para efectuar alegacións.

10. O 30.10.2025 a confraría de pescadores de Camelle presenta un escrito, con número de rexistro de entrada 2025/3004879, no que indica que as embarcacións CHICHA (CFPO 53500) e PRIXELO (CFPO 57348) están de baixa definitiva e solicita que se substitúan por dúas novas construcións realizadas a partir destas: ESTEBAN (CFPO 100530) e OS VIGOS (CFPO 100689), respectivamente.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Camelle e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.

5. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa





inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

O 04.11.2022 ditouse resolución pola que a embarcación PRIXELO (CFPO 57348) realiza unha transmisión do permiso e explotación. Porén, non solicitou a actualización de méritos para a nova persoa armadora, o que produce a exclusión da lista. Polo tanto, a embarcación PRIXELO non pode ser substituída na lista pola nova construción OS VIGOS, á que posteriormente foi aportada como baixa.

6. As embarcacións que forman parte da lista e son aportadas como baixa para unha nova construción á que se lle traslada o permiso de explotación sen que haxa cambio da persoa armadora serán substituídas polas novas construcións conservando a súa puntuación.

O 07.09.2023 resolveuse o traslado do permiso de explotación para a nova construción ESTEBAN (100530) no que, sen cambiar de persoa armadora, a embarcación CHICHA (CFPO 53500) foi aportada como baixa.

7. Transcorrido o prazo de alegacións á baremación da embarcación AMABLE, non se presentou ningunha.

8. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores Camelle e publicar a puntuación das embarcacións no Anexo I desta resolución.

Excluír da lista á embarcación PRIXELO (CFPO 57348) por ter realizado unha transmisión do permiso de explotación sen solicitar a actualización de méritos para a nova persoa armadora.

Substituír á embarcación CHICHA (CFPO 53500) pola embarcación ESTEBAN (CFPO 100530) por ter sido aquela aportada como baixa a esta sen cambiar a persoa armadora.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido





nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da confraría de pescadores de Camelle.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Camelle consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero
Por ausencia (Resolución 13.05.2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada





ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da Confraría de pescadores de Camelle

Embarcación	Matrícula Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
JOSE IGNACIO PRIMERO	CO-4-3-03	5,00	4,00	1,00	10
MARIA ELENA	CO-4-1782	0,00	4,00	3,00	7,00
NUEVO ANAMAR	CO-4-9-05	5,00	0,00	2,00	7,00
ROSAL	CO-4-3-05	0,00	4,00	3,00	7,00
SILVIA	CO-4-1840	0,00	3,60	3,00	6,60
A PERCEBEIRA	CO-4-10-05	0,00	4,00	2,00	6,00
MARIMAR	CO-4-1962	0,00	4,00	2,00	6,00
NUEVA GIRALDA	CO-4-5-04	0,00	3,60	2,00	5,60
CARMEN	CO-4-190	0,00	4,00	1,00	5,00
CELIA G	CO-4-6-04	0,00	4,00	1,00	5,00
ESMERALDA	CO-4-1699	5,00	0,00	0,00	5,00
PESCADORA	CO-1-1582	0,00	4,00	1,00	5,00
PLAYA DE AROU	CO-4-1398	5,00	0,00	0,00	5,00
CHAMO	CO-4-1-18	0,00	3,92	1,00	4,92
ZEUS	VI-8-2-95	0,00	4,00	0,00	4,00
DOS CUÑADOS	CO-4-1377	0,00	1,36	2,00	3,36
PLATEIRAS	CO-4-5-06	0,00	0,60	2,00	2,60
ESTEBAN	CO-4-2-21	0,00	0,00	2,00	2,00
SARA	CO-4-1947	0,00	0,00	2,00	2,00
MAR DE ALMA	CO-4-2-05	0,00	1,20	0,00	1,20
ALBER	CO-4-1904	0,00	0,00	1,00	1,00
AZOR UNO	CO-4-1-98	0,00	0,00	1,00	1,00
CONSUELO	CO-4-566	0,00	0,00	1,00	1,00
AMABLE	CO-4-1026	0,00	0,00	0,00	0,00
SANTA MARIÑA	CO-4-5-05	0,00	0,00	0,00	0,00

Para as embarcacións que figuran empatadas coa mesma puntuación, a orde na que se amosan é simplemente alfabética e non supón ningunha prioridade. Aínda que para a utilización da lista en ofertas anteriores foi necesaria a realización de 2 sorteos, ao tratarse dun plan con nova vixencia e requirir dunha nova actualización da lista, xustifica que a orde de prelación non veña determinada polo indicado anteriormente. No caso de ser necesario, previamente á oferta de cotas ás ditas embarcacións, resolverase o empate por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.





Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

P.A. (Resolución 13 de maio de 2024)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos, Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

